

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 5 de abril de 2010**

**ASISTENTES:**  
**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. José Manuel Mariño Mendoza  
D. Eudósio Álvarez Álvarez

**Invitados:**

D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e nove minutos do día cinco de abril de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(405).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 18 de marzo e das sesións extraordinarias e urxentes do 23, 24 e 25 de marzo de 2010. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(406).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 22/1491.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social Responsable do Programa, do 17.02.10, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D<sup>a</sup>. Concepción Bravo Camino. Expte. 1491/22.

**3(407).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE GROUPAMA POLA PRÓRROGA DO SEGURO PARA OS VEHÍCULOS MUNICIPAIS ANO 2010. EXPTE. 7379/445.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 23.03.10, e de acordo co informe-proposta do xefe do Parque Móbil, conformado pola concelleira delegada de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva a Groupama para a contratación do seguro da flota do Concello de Vigo durante o exercizo 2010, polo importe de 273.916,61 € segundo factura nº 31052210110, e recoñecer as obrigas por estas prestacións, toda vez que existe partida orzamentaria para este fin (1212.224.00.00-310.000 €) certificando esta Xefatura que ese recoñecemento non perturbará o funcionamento do Servizo.

**4(408).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTES AO MES DE FEBREIRO DE 2010. EXPTE. 19770/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 24.03.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 22.03.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 5.667,02 €, correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos de Limpeza, Vías e Obras, Conserxería, Promoción Económica, Benestar Social, Inspección de Tributos, Parque Móbil e Prevención de Riscos Laborais, correspondentes ao mes de febreiro de 2010, aínda que se inclúen doutros meses, con cargo á clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

	SERVIZO	TOTAL
4420	Limpeza	258,21 €
5110	Vías e Obras	2.383,11 €
1210	Conserxería	614,84 €
3220	Promoción Económica	424,74 €
3130	Benestar Social	14,63 €
6110	Inspección de Tributos	1.583,84 €
1212	Parque Móbil	362,95 €
1211	Prevención Riscos Laborais	24,70 €
	TOTAL	5.667,02 €

**5(409).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS ORDINARIAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA MANUEL ÁLVAREZ (CONEXIÓN ESTRADA VELLA DE MADRID-RAMÓN NIETO). EXPTE. 1407/443.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do 24.03.10, asinado polo xefe da Área dos Servizos Xerais e o xefe da OSPIO, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o Anexo 1 ó plan de seguridade e saúde das OBRAS ORDINARIAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA MANUEL ÁLVAREZ (CONEXIÓN ESTRADA VELLA DE MADRID-RAMÓN NIETO).

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria UTE HIDROMIÑO - HIDROESTRUCTURAS, S.L., a cal a súa vez xunto co Anexo 1 ó plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

**6(410).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO (RENTING) DE VEHÍCULOS PARA A POLICÍA MUNICIPAL DESTE CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 33891/212.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídicos do 11 e 30 de marzo de 2010, o informe de fiscalización do 23.03.10, e de acordo co informe-proposta do superintendente xefe da Policía Local, do 30.03.10, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o expediente de contratación para a subministración dun mínimo de 22 vehículos para o servizo de Policía Local (Expte.: 33891-212), cos seus pregos de prescricións técnicas particulares redactado polo Superintendente Xefe da Policía Local o 30 de marzo de 2010, e de cláusulas administrativas particulares visado polo titular da Asesoría Xurídica o 30 de marzo de 2010, cunha duración de catro anos (2010-2014) e un importe

máximo anual de 245.968,97 € e de 983.875,86 € para os catro anos, prezos nos que se contempla un IVE do 18 por cento.

2º.- Aprobar, con cargo á partida 2222. 204.0000, o gasto necesario para a contratación por un importe máximo de 81.989,66 € para o presente exercizo económico de 2010, que contempla un IVE do 18 por cento.

No citado gasto contéplase o feito de ter transcorrido xa tres meses do exercicio económico sen a aprobación do expediente, así como os prazos de publicación en diarios oficiais e demais actuacións relativas á licitación.

3º.- Ordenar a apertura do procedemento de adxudicación, aberto, de tramitación ordinaria e suxeito a regulación harmonizada.

**7(411).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e once minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.